

CONVERSA EN REDE ONLINE

## diálogo sobre diseño e procesos creativos para a innovación e a sostibilidade

A Axencia Galega de Innovación e a Fundación DIDAC organizan a primeira cita do ano do ciclo **Conversas en rede**, unha serie de diálogos sobre diseño e procesos creativos para a innovación e a sostibilidade. Nesta ocasión, os profesionais invitados son os deseñadores **Sara Regal** e **Isaac Piñeiro**, gañadores dos III Premios Galicia de Innovación e Diseño nas categorías de talento emerxente e profesionais do diseño, respectivamente.

### Sara Regal



Graduada en Enxeñaría de Diseño Industrial e Desenvolvemento de Produto pola Universidade da Coruña, está especializada na investigación material e nas prácticas sostibles aplicadas a obxectos e espazos. Tras formarse e iniciar a súa carreira en Londres, Rotterdam, Suíza e Hong Kong, traballou para Camper e na actualidade é creativa independente, centrada en deseñar e producir pezas de materiais reciclados e realizar traballos de dirección artística e diseño de interiores.

### Isaac Piñeiro



Cofundador do colectivo de diseño Nadadora, no que desenvolveu proxectos durante máis de dez anos, en 2017 creou Isaac Piñeiro Design Studio e dende 2022 exerce como director creativo da marca galega A-Emotional Light. Realizou máis de 50 proxectos, nos que predomina o diseño de produto, en estreita conexión coa artesanía. A vaixela deseñada por Piñeiro para Sargadelos forma parte da colección permanente de cerámica do Museo do Diseño de Barcelona.

Esta conversa, retransmitida en *streaming*, busca abrir unha nova ventá ás tendencias máis efervescentes a nivel global en diversas especialidades do diseño, da man de deseñadores e deseñadoras galegos con gran proxección internacional.

O ciclo de conversas é unha iniciativa desenvolvida no marco da Rede internacional de profesionais do diseño galego, un dos eixes do Programa de Diseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 – DIFERENZA.

 **Formulario  
de inscrición**

 **Séguenos  
vía streaming**